



RECOMENDACIÓNS PARA PASAR A CORENTENA

BO DÍA!

Dende Refórzate quérovos trasladar una serie de recomendacións para pasar esta corentena da forma máis amena posible.

Xa sabemos que os mestres e mestras están a mandar exercicios e actividades “en liña” para continuar cos estudos e que non perdades o fío, mais dende este programa simplemente daremos algunhas ferramentas que vos poden ser útiles á hora de organizarvos ou entretervos mentres aprendedes...

MATEMÁTICAS:

- ☺ **APPS** (para traballar dende móbiles ou tabletas):
 - **Matemáticas con Grin 678**: máis recomendado para 3º ou 4º curso, onde podemos reforzar as matemáticas de xeito divertido. Ten período de proba gratuíto.
 - **Math fight**: para todas as idades e para dous xogadores. A pantalla do dispositivo partírase en dúas e cada xogador terá que responder correctamente e o máis rápido posible as operacións que se lle presentan para gañar ao contrincante.
 - **El rey de las matemáticas Junior**: para todas as idades. Dentro dun ambiente medieval, subes de nivel de escala social respondendo as preguntas e resolvendo cuestións matemáticas. Ten período de proba.
 - **Smartick**: para todas as idades. Repasa contidos matemáticos para cada curso en 15 minutos. Ten período de proba gratuíto.
 - **Space Maths**: para todas as idades. Alterna exercicios de series numéricas con pequenos arcades e conta con varias galaxias, melloras para o foguete, trofeos...
- ☺ **Páxinas web de interese** (para traballar dende un ordenador ou tableta):
 - **Cokitos**: para todas as idades. Diferentes xogos en liña para iniciarse ou perfeccionar coñecementos sobre sumas, restas, divisións, xeometría, sopas de letras, xogos de cartas, sudokus... Enlace: <https://www.cokitos.com/tag/juegos-de-matematicas/>
 - **Mundo primaria**: para todas as idades. Contidos divididos en seis niveis educativos, con personaxes animados. Conta con categorías como xeometría, magnitudes e problemas matemáticos. Enlace: <https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-matematicas>

LINGUAS:

- ☺ **APPS**:
 - **94 segundos**: para traballar vocabulario e ortografía a todos os niveis. A partir dunha letra, hai que buscar unha palabra que comece por ela e escribirla correctamente.



- **Aprende a leer 2 con Grin:** para 3º curso. Contén 25 leccións que se concentran en sílabas inversas, trabadas e comprensión lectora. Ten período de proba gratuíto.
 - **Cuentos de los Hermanos Grimm:** para 3º e 4º curso. Lectura entretida e interactiva coa que desfrutar de diferentes historias.
 - **Apalabrados:** todas as idades. Similar ao Scrabble, hai que construír palabras sobre un taboleiro no que, canto máis larga sexa a palabra, máis puntuación terás. Pódese xogar cos amigos en tempo real.
 - **Palabra correcta:** a partir de 4º curso. Para traballar a ortografía, debemos elixir a resposta correcta antes de que remate o tempo.
- ☺ **Páxinas web de interese:**
- **Elemental querido Watson:** Para 5º e 6º curso. Xogos de ortografía de Lingua Castelá. Axuda a Sherlock Holmes a resolver os misterios superando as probas ortográficas: puntuación, ditongos, palabras agudas, graves, esdrúxulas... Enlace: http://www.educa.icyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/aplicaciones/13_elemental_watson/index.html
 - **Lengua española para Primaria:** Para 5º e 6º curso. Combina teoría e práctica de regras ortográficas, xentilicios, palabras homófonos, prefixos, sufixos... Enlace: http://www.educa.icyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/aplicaciones/lengua/popup_fullscreen.htm
 - **Storybird:** para todas as idades. Podemos crear contos ilustrados a través dos centos de debuxos da súa base de datos, traballando a expresión escrita. Conta cun período de proba gratuíto. Enlace: <https://storybird.com/>

Outras recomendacións: sudokus, diferenzas, sopas de letras, crucigramas, lecturas en calquera tipo de soporte e calquera tipo de documento (revistas, en liña, contos, enciclopedias, receitas periódicos...), todo tipo de xogos de mesa, tuttifrutti, etc.

Adxunto, ademais, unha imaxe que nos pode axudar para a **resolución de problemas** matemáticos.

Cómpre recalcar que só son recomendacións. A prioridade é realizar as tarefas e actividades que propoñen os mestres/as habituais.

Con todo, quedo a vosa disposición no meu horario habitual de traballo (luns e martes de 9:30 a 12:15. Luns a xoves 16:00 a 18:00) por vía telemática (afreijomil@edu.xunta.es) para calquera dúbida que eu poida solucionar ou naquelas cuestións nas que as nenas e nenos poidan necesitar axuda extra.

Atentamente,

Alba.